

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 30 DE XULLO DE 2018.

Alcalde Accidental:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventor:

D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

Ausentes:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 31/2018 DE DATA 23 DE XULLO DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. núm. 31/2018 do día 23 de xullo de 2018.

2.- EXPEDIENTE 3954/2018. SOLICITUDES DE ALTAS NA TAXA DE AUGA E SANEAMENTO. RELACIÓN N° 6 DE 2018.-

Acordouse aprobar a relación de solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

3.- EXPEDIENTE 3916/2018. SOLICITUDE DE PERMISO PARA A REALIZACIÓN DUNHA FEIRA DE OPORTUNIDADES.-

Quedou pendente para mellor estudo.

4.- EXPEDIENTE 3965/2018. APROBACIÓN DE FACTURAS.-

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00043 por importe de 27.398,93 €.

5.- EXPEDIENTE 3950/2018. EXPEDICIÓN DE TARXETA DE ARMAS (CARABINAS DE AIRE COMPRIMIDO).-

Acordouse aprobar a expedición da tarxeta de armas para arma tipo B, marca GAMO, calibre 4,5.

6.- EXPEDIENTE 3967/2018. SOLICITUDE CAMBIO DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENZA DE TAXI N° 29.-

Acordouse conceder autorización para a adscrición á licenza de taxi nº 29 do vehículo de nova adquisición tipo turismo marca BMW, modelo 218D ACTIVE, con número de bastidor WBA2C11040V529116, de 5 prazas e cor branca, con matrícula 4612-KMF, e proceder á súa anotación no Libro Rexistro correspondente.

7.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3880/2018. PROPOSTA DE GASTO PARAUGAS RÚA COLÓN.-

Acordouse adxudicar a Instalación dunha estrutura de paraugas na rúa Colón (montaxe e desmontaxe).

8.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3443/2018. CONCESIÓN DE PRAZAS E BONIFICACIÓNS NO CAMPAMENTO DO MAR.-

Acordouse aprobar a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Benestar Social en relación coa oncesión de prazas reservadas no

Campamento do Mar para menores de familias en situación ou risco de exclusión social para a relación dos/as 24 menores de idade que figuran no expediente e a concesión de bonificacións de gratuidade na participación do Campamento do Mar para a relación dos /as 27 menores de idade que figuran no expediente.

9.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3441/2018. CONCESIÓN DE PRAZAS E BONIFICACIÓNS NA TERCEIRA QUENDA DA ESCOLA DE VERÁN E CAMPAMENTOS URBANOS.-

Acordouse conceder prazas reservadas na TERCEIRA QUENDA DA ESCOLA DE VERÁN E CAMPAMENTOS URBANOS.

10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2731/2018. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social á persoa solicitante para sufragar gastos derivados de débedas de subministro de enerxía eléctrica e de auga por importe total de 93,92 €.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:12 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.